

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está deseñada para un grupo de 23 alumnos e alumnas de primeiro curso de educación primaria, dentro da área de Ciencias Naturais.

O centro para o que se deseña a proposta, o CEIP plurilingüe Virxe do Mar de Narón, é un centro público de educación infantil e primaria no que neste curso hai matriculados arredor duns 200 alumnos e alumnas.

É un centro de liña un, pero que conta con tres cursos de primaria nos que hai dous grupos en cadanseu nivel. É un centro composto por tres pisos nos que, ademais das aulas de infantil e primaria, contamos con ximnasio, aula de informática, dous patios de recreo comunicados, aula de música, aulas de PT e AL, despacho de orientación, biblioteca e salón de actos.

A nivel de aula, o alumnado para o cal se elabora esta programación, está no primeiro nivel de primeiro de primaria polo que conta cunha idade de entre 5 e 6 anos. É un grupo composto por 10 nenas e 13 nenos no que, ademais da diversidade propia de calquera grupo humano, atopamos algunhas necesidades específicas de apoio educativo para as que se recollen medidas de atención específicas detalladas no apartado 6 desde documento.

O horario das actividades é continuo distribuíndose, de 9:00h a 14:00h para os alumnos/as de E.P. e E.I (Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única).

Tamén se oferta servizo de comedor, regulado polo Decreto 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería.

Os recursos materiais son axeitados, aínda que mellorables. Así, dispoñemos de medios informáticos e conexión a Internet en todas as aulas

No tocante aos recursos persoais dos que dispoñemos, hai que destacar ao profesorado do corpo de Infantil e Primaria: titores/as e especialistas das distintas áreas, Como persoal non docente contamos cunha auxiliar técnica educativa (coidadora), conserxe, persoal de cociña e persoal de limpeza. Ademais, existe unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).

Trátase dun centro situado nun concello de costa o que fai que na propia contorna próxima do alumnado contemos con multitude de ecosistemas, recursos e zonas verdes de enorme interese no desenvolvemento desta materia como poden ser as Fragas do Eume ou diferentes paisaxes de costa.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Seguindo cos datos da contorna, a oferta cultural do Concello é bastante ampla, contando coa Casa da Cultura, biblioteca municipal, locais sociais, pavillóns e piscina municipal etc.

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O ser humano: como somos?	Ao longo desta unidade didáctica traballaremos aspectos como o recoñecemento das principais partes do corpo, dos órganos que as compoñen e a súa implicación nas funcións vitais.	18	18	X		
2	O ser humano: aprendemos a coidar a nosa saúde.	O traballo nesta unidade basearase, fundamentalmente, no desenvolvemento	18	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O ser humano: aprendemos a coidar a nosa saúde.	de hábitos de vida saudable no alumnado, recoñecéndoos e valorando a súa importancia.	18	18	X		
3	Os seres vivos: os animais.	Nesta unidade traballaremos aspectos relevantes dos animais: a súa clasificación segundo diferentes tipos de criterio (domésticos -salvaxes, segundo a súa alimentación e segundo o medio no que viven). Ademais afondaremos en outros contidos como o respecto pola biodiversidade, o coidado do medio no que viven e a importancia dunha tenenza responsable.	17	18		X	
4	Os seres vivos: as plantas	Partindo da realidade próxima dos nenos e nenas traballaremos aspectos claves das plantas coma o seu ciclo de crecemento ou que necesitan para vivir así como algúns árbores e plantas presentes no día a día do alumnado, a súa importancia e como identificalos.	17	18		X	
5	Materia: de que esta feito?	Durante esta unidade didáctica integrada o alumnado recoñecerá, de xeito manipulativo e vivencial, aspectos relacionados coa organización e propiedades dos elementos do medio natural.	15	17			X
6	Forzas e enerxía: como funciona?	O traballo desta unidade didáctica integrada consistiría, basicamente, en que o alumnado recoñeza mediante a experimentación e as súas propias vivencias os efectos das forzas sobre determinados obxectos.	15	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O ser humano: como somos?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Recoñece as principais parte do corpo e identifica os órganos que interveñen nas funcións vitais de nutrición (respiración e alimentación) así como outros órganos relevantes como o corazón ou o cerebro.	PE	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa nos experimentos realizados, tanto de xeito individual como en equipo, de xeito guiado e facendo un uso seguro dos instrumentos e utensilios proporcionados.	TI	70
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecemento diferentes accións que contribúan á conservación do medio.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorecen o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega os recursos dixitais propostos (robots educativos e/ou ordenadores) de acordo ás necesidades da tarefa proposta e de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo (un libro de follas que recolla as clasificacións traballadas ao longo do trimestre) utilizando de forma segura os materiais adecuados.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Identificación e descrición das partes do corpo humano.</li> <li>- Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.</li> <li>- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul> </li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O ser humano: aprendemos a coidar a nosa saúde.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Identifica unha alimentación variada, a hixiene, o exercicio físico, o descanso axeitado e un contacto responsable coa natureza e as novas tecnoloxías como hábitos de vida saudable.	PE	30
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar, de forma oral ou gráfica, o resultado das investigacións servíndose da axuda dun guión elaborado.	TI	70
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecendoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecendo diferentes accións que contribúan á conservación do medio.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorecen o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo (un libro de follas que recolla as clasificacións traballadas ao longo do trimestre) utilizando de forma segura os materiais adecuados.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.</li> <li>- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Os seres vivos: os animais.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Nombra e recoñece as características, a organización e a clasificación das dos animais en función de onde viven, da súa alimentación e de se son ovíparos ou vivíparos.	PE	30
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, recibindo pouca axuda, información de diferentes fontes seleccionadas e resumidas pola mestra, utilizando a información obtida en diferentes investigacións.	TI	70
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar, de forma oral ou gráfica, o resultado das investigacións servíndose da axuda dun guión elaborado.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Recoñece como coidar a natureza, mostrando actitudes correctas para facelo e a recoñece como un ben común.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorecen o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo (un libro clasificatorio de diferentes animais) utilizando de forma segura os materiais adecuados.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.</li> <li>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.</li> <li>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.</li> <li>- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Os seres vivos: as plantas	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Nombra e recoñece as características, a organización e a clasificación das plantas e os animais.	PE	40
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece as conexións entre os diferentes elementos do medio natural (plantas, animais e seres humanos)		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, recibindo pouca axuda, información de diferentes fontes seleccionadas e resumidas pola mestra, utilizando a información obtida en diferentes investigacións.	TI	60
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecemento diferentes accións que contribúan á conservación do medio.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorecen o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo (un libro de follas que recolla as clasificacións traballadas ao longo do trimestre) utilizando de forma segura os materiais adecuados.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.</li> <li>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.</li> <li>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.</li> <li>- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Materia: de que esta feito?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece e identifica as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural traballados na unidade.	PE	30
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	70
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecemento diferentes accións que contribúan á conservación do medio.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorecen o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega os recursos dixitais propostos (robots educativos e/ou ordenadores) de acordo ás necesidades da tarefa proposta e de forma segura.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar de forma guiada un produto final sinxelo (un libro de follas que recolla as clasificacións traballadas ao longo do trimestre) utilizando de forma segura os materiais adecuados.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.</li> <li>- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Forzas e enerxía: como funciona?	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Analiza e reconece o efecto das forzas en algúns obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas de xeito guiado.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Realiza predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos traballados durante a unidade, a través da observación.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa nos experimentos realizados, tanto de xeito individual como en equipo, de xeito guiado e facendo un uso seguro dos instrumentos e utensilios proporcionados.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecendoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecemento diferentes accións que contribúan á conservación do medio.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o bienestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorecen o bienestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais.	TI	70
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Participa na resolución guiada de problemas sinxelos de programación empregando o pensamento computacional.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co bienestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Tipos de materiais segundo a súa orixe.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.</li> <li>- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.</li> <li>- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> </ul>

## Contidos

- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
  - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Así, os métodos empregados partirán sempre do concepto de docente como facilitador e promotor das aprendizaxes e serán, fundamentalmente, unha metodoloxía activa, comunicativa, participativa e inclusiva.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito trataremos de conseguir no noso alumnado unha aprendizaxe significativa: aprender para algo é aprender mellor.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Con isto abordamos, por completo, a aprendizaxe manipulativa e vivencial, facendo ao alumnado protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo para chegar así ao produto final desexado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos.
Recursos dixitais.
Recursos espaciais.

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes. No caso concreto desta aula gustaríame destacar as intervencións da mestra especialista en pedagogía terapéutica, tanto dentro com fóra da aula, así como da mestra titora de sexto curso que realiza apoios dentro da nosa aula.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo e calquera outro espazo que poda xurdir.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso escolar e, cumprindo así co establecido na lexislación en materia de avaliación da nosa comunidade, levarase a cabo unha avaliación inicial xeral mediante diferentes procesos:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno/a.
- Entrevistas iniciais coas familias se fose necesario.
- Avaliación das competencias e contidos a través de diversas actividades individuais e grupais.

A información obtida mediante todos estes medios será sometida a un proceso de reflexión para tratar de establecer o nivel de coñecementos previos dos nosos nenos e nenas así como a identificación de posibles necesidades específicas de apoio educativo.

De igual xeito, ao comezo de cada unidade didáctica se levará a cabo unha avaliación inicial sobre os contidos que se pretende traballar na mesma co fin de estipular cal é o punto de partida do noso alumnado respecto dos mesmos así como aqueles puntos nos que haberá que incidir en maior medida.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	30	30	40	30	30	<b>32</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	70	70	60	70	70	<b>68</b>

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Deste xeito, para área que nos ocupa, organizáronse os criterios de avaliación recollidos do decreto de currículo en tres bloque con diferentes pesos que, ao sumarse, dan o 100% da nota do trimestre:

- 40% criterios relacionados con aspectos actitudinais (CA.2.3, CA.4.4 etc).
- 40% criterios relacionados cos contidos que se traballarán na aula diariamente.
- 20% criterios avaliados mediante probas escritas.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula: media aritmética das nota dos criterios de avaliación relacionados con contidos actitudinais X 0,4) + (media aritmética das calificacións dos criterios de avaliación relacionados co traballo diario X 0,4) + (media aritmética dos criterios avaliados mediante unha proba escrita X 0,2)

Así, para o cálculo da nota final da materia realizarse unha media aritmética entre as notas das tres avaliacións.

Para o cálculo da nota de cada unidade usaranse as porcentaxes antes mencionadas. Para obter estes resultados servíremonos fundamentalmente de tres instrumentos de avaliación: proba escrita, rúbrica e escala de valoración sempre, ás veces, nunca na seguinte proporción:

- UDI 1: proba escrita 40% e táboa de indicadores 60%
- UDI 2: proba escrita 30% e táboa de indicadores 70%.
- UDI 3: proba escrita 30% e táboa de indicadores 70%.
- UDI 4: proba escrita 30% e táboa de indicadores 70%.
- UDI 5: proba escrita 30% e táboa de indicadores 70%.
- UDI 6: proba escrita 30% e táboa de indicadores 70%.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.



## 6. Medidas de atención á diversidade

No referente ás medidas de atención a diversidade que se deben ter en conta á de levar a cabo esta programación, debemos partir do establecido tanto no decreto 229/2011 como na posterior Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade na nosa comunidade. Estas medidas serán fundamentalmente ordinarias, como se describirá con detalle a continuación. No referente ás medidas extraordinarias deberán aplicarse únicamente cando se esgoten todas as ordinarias e a súa aplicación ou non irá suxeita ao desenvolvemento dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo durante o curso.

Así, partindo das medidas relatadas na lexislación antes mencionada, para o desenvolvemento desta programación prevese a aplicación das seguintes medidas ordinarias:

- Adecuación da programación didáctica as necesidades do alumnado.
- Adecuación da organización da estrutura da aula e do centro ás necesidades e características do alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo do profesorado con disponibilidad horaria (mestra de sexto).
- De ser necesarias, aulas de convivencia e intención educativa.
- Programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

No referente ás medidas extraordinarias, polo momento, únicamente se contempla o reforzo educativo por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica e da de Audición e Linguaxe

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - actividades que lle perEspírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Desde todas as unidades didácticas integradas propostas tratarse de contribuír ao desenvolvemento do total dos elementos transversais.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos, as súas diferenzas, necesidades etc. Exemplos destas saídas serán a visita ao Muiño de Pedroso para realizar diferentes obradoiros e unha ruta para buscar pegadas, a saída ás Fragas do Eume para coñecer a biodiversidade da zona ou a limpeza dunha praia próxima.			
Charlas formativas	Para as que contaremos coa colaboración das familias, que terán un papel protagonista no desenvolvemento das diferentes unidades e de outros expertos como veterinarios, médicos e outros profesionais de diferentes ámbitos.			
Conmemoracións	Realizando actividades específicas para aquelas recollidas na orde de calendario escolar. Para a materia que nos ocupa algúns exemplos poden ser: Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Océanos etc.			
Saídas culturais	Visitas a museos, exposicións ou diferentes postos de traballo. Un exemplo das mesmas sería a visita ao museo naval do Concello de Ferrol.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A tarefa adáptase ao contexto da aula.
A tarefa axústase ao tempo programado.
As actividades permiten desenvolver o produto social relevante.
A tarefa potencia unha aprendizaxe competencial.
As actividades axústanse aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
Metodoloxía empregada
A tarefa desenvolve axeitadamente os elementos transversais mencionados
A metodoloxía empregada promove a inclusión e o traballo cooperativo.
Traballo todos os elementos curriculares.
Utilizo actividades e exercicios variados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego materiais diversos e motivadores.
Medidas de atención á diversidade
A tarefa atende ao desenvolvemento das distintas intelixencias do alumnado.
Atendo á diversidade da aula.
Clima de traballo na aula
O alumnado ten oportunidade de avaliar a unidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A tarefa fomenta a participación de toda a comunidade educativa

### Descrición:

Os indicadores de logro descritos anteriormente avaliaranse mediante unha escala de valoración e irán acompañados sempre de propostas concretas de mellora.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través de diferentes ferramentas: PROENS, diario de aula etc.

Igualmente, a avaliación de cada unidade didáctica constará de tres partes:

1. Avaliación do alumnado: comprobando en que medida obtiveron os coñecementos traballados e cumprimos os obxectivos propostos. A información recollida desta avaliación é moi valiosa xa que nos vai permitir reflexionar sobre ata que punto a programación e secuenciación das diferentes actividades foi ou non un éxito e tomar medidas para mellorar o funcionamento tanto da aula como desta proposta.
2. Avaliación da práctica docente: cos indicadores de logro recollidos no apartado anterior.
3. Avaliación por parte do alumnado: ao finalizar cada unidade didáctica integrada proporáselle ao alumnado realizar unha avaliación figuro-analóxica na que, mediante o establecemento de analoxías con diferentes imaxes propostas pola mestra, deban escoller cal identifica mellor como se sentiron durante a realización da tarefa e porqué. Así permitiremos que o alumnado deixe de ser sempre suxeito avaliado para pasar a ser, tamén, suxeito avaliador. Deste xeito poderemos afondar no noso coñecemento do grupo e obter unha información moi valiosa sobre como se sinten e os seus centros de interés.

Igualmente realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

Esta programación didáctica esta deseñada para un grupo de 23 alumnos e alumnas de primeiro curso de educación primaria, dentro da área de Ciencias Sociais.

O centro para o que se deseña a proposta, o CEIP plurilingüe Virxe do Mar de Narón, é un centro público de educación infantil e primaria no neste curso hai matriculados arredor de 200 alumnos e alumnas

É un centro de liña un, pero que conta con tres cursos de primaria nos que hai dous grupos en cadanseu nivel. É un centro composto por tres pisos nos que, ademais das aulas de infantil e primaria, contamos con ximnasio, aula de informática, dous patios de recreo comunicados, aula de música, aulas de PT e AL, despacho de orientación, biblioteca e salón de actos.

A nivel de aula, o alumnado para o cal se elabora esta programación, está no primeiro nivel de primeiro de primaria polo que conta cunha idade de entre 5 e 6 anos. É un grupo composto por 10 nenas e 13 nenos no que, ademais da diversidade propia de calquera grupo humano, atopamos algunhas necesidades específicas de apoio educativo para as que se recollen medidas de atención específicas detalladas no apartado 6 desde documento.

O horario das actividades é continuo distribuíndose, de 9:00h a 14:00h para os alumnos/as de E.P. e E.I (Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única).

Tamén se oferta servizo de comedor, regulado polo Decreto 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería.

Os recursos materiais son axeitados, aínda que mellorables. Así, dispoñemos de medios informáticos e conexión a Internet en todas as aulas

No tocante aos recursos persoais dos que dispoñemos, hai que destacar ao profesorado do corpo de Infantil e Primaria: titores/as e especialistas das distintas áreas, Como persoal non docente contamos cunha auxiliar técnica educativa (coidadora), conserxe, persoal de cociña e persoal de limpeza. Ademais, existe unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).

Trátase dun centro situado nun concello próximo á costa o que fai que na propia contorna próxima do alumnado contemos con multitude de ecosistemas, recursos e zonas verdes de enorme interese no desenvolvemento desta materia como poden ser as Fragas do Eume ou diferentes paisaxes de costa.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Ciencia e tecnoloxía"; o bloque número 2, "O mundo e o desenvolvemento sostible"; o bloque número 3, "Vivir en sociedade"; e o bloque número 4, "Leccións do pasado".

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

Seguindo cos datos da contorna, a oferta cultural do Concello é bastante ampla, contando coa Casa da Cultura, biblioteca municipal, locais sociais, pavillóns e piscina municipal etc.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

**Descrición:**



### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A familia e a escola.	O alumnado realizará diferentes actividades que lle permitan afondar no coñecemento da súa contorna, familia e escola.	15	15	X		
2	A contorna e sociedade na que vivimos.	Nesta unidade didáctica integrábase traballaremos contidos relacionados coa vida en sociedade como os dereitos e deberes que temos como cidadáns, aspectos relativos a seguridade vial, ao respecto polas manifestacións culturais da contorna e o recoñecemento de institucións próximas e relevantes.	15	15	X		
3	A nosa gran casa: o planeta terra.	Nesta terceira unidade didáctica introduciremos información básica sobre a Terra, o Sol e a Lúa e a importancia que estes teñen para a vida do planeta. Traballaremos igualmente os fenómenos meteorolóxicos básicos así como as repercusións que estes teñen na nosa vida.	15	10		X	
4	Coidamos do noso mundo	Nesta unidade didáctica abordaremos a problemática medioambiental actual, como podemos contribuir a solucionar a e traballaremos o desenvolvemento de hábitos de vida saudables e respetuosos co medio ambiente.	15	10		X	
5	As pegadas do pasado: a nosa historia.	Nesta unidade didáctica traballaremos co noso alumnado as unidades temporais básicas (ano, mes, semana e día), os conceptos temporais básicos (antes, durante, despois, presente, pasado e futuro) e algunhas das etapas históricas máis importantes para a humanidade.	20	10			X
6	As pegadas do pasado: personaxes históricas máis importantes.	Nesta unidade o alumnado levará a cabo unha pequena investigación que lle permitirá coñecer algunhas das personaxes históricas máis importantes e como contribuíron ao desenvolvemento da sociedade.	20	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A familia e a escola.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utiliza os dispositivos dixitais facilitados pola mestra para a realización da actividade proposta.	TI	100
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos coñecidos realizando preguntas ao respecto.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas para circular como peón e como usuario dos diferentes medios de transporte.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A contorna e sociedade na que vivimos.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoñece as manifestacións culturais da contorna valorando a súa diversidade e riqueza.	PE	40
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas relevantes para a vida en sociedade.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais seguindo as indicacións da tarefa.	TI	60
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas para circular como peón e como usuario dos diferentes medios de transporte.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.</li> </ul>

### Contidos

- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
3	A nosa gran casa: o planeta terra.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	20
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	80
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca e selecciona información sinxela das fontes de información facilitadas pola mestra.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa, empregando os instrumentos de forma segura, nos experimentos propostos nas diferentes actividades.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas para circular como peón e como usuario dos diferentes medios de transporte.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próxima.</li> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Coidamos do noso mundo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece as conexións entre os diferentes elementos do medio traballadas na unidade.	PE	20
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	80
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca e selecciona información sinxela das fontes de información facilitadas pola mestra.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas para circular como peón e como usuario dos diferentes medios de transporte.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	As pegadas do pasado: a nosa historia.	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordena, temporalmente, feitos históricos relevantes traballados na unidade didáctica.	PE	30
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos cos seus compañeiros de forma democrática, respectando as normas de convivencia.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.	TI	70
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas para circular como peón e como usuario dos diferentes medios de transporte.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</li> <li>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	As pegadas do pasado: personaxes históricas máis importantes.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece as persoas e grupos sociais relevantes traballados durante a unidade, identificando a época histórica á que pertencen e o motivo da súa relevancia.	PE	30
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas para circular como peón e como usuario dos diferentes medios de transporte.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Así, os métodos empregados partirán sempre do concepto de docente como facilitador e promotor das aprendizaxes e serán, fundamentalmente, unha metodoloxía activa, comunicativa, participativa e inclusiva.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito trataremos de conseguir no noso alumnado unha aprendizaxe significativa: aprender para algo é aprender mellor.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Con isto abordamos, por completo, a aprendizaxe manipulativa e vivencial, facendo ao alumnado protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a



realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo para chegar así ao produto final desexado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais.

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes. No caso concreto desta aula gustaríame destacar as intervencións da mestra especialista en pedagogía terapéutica, tanto dentro com fóra da aula, así como da mestra titora de sexto curso que realiza apoios dentro da nosa aula.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo e calquera outro espazo que poda xurdir.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso escolar e, cumprindo así co establecido na lexislación en materia de avaliación da nosa comunidade, levarase a cabo unha avaliación inicial xeral mediante diferentes procesos:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno/a.
- Entrevistas iniciais coas familias se fose necesario.
- Avaliación das competencias e contidos a través de diversas actividades individuais e grupais.

A información obtida mediante todos estes medios será sometida a un proceso de reflexión para tratar de establecer o nivel de coñecementos previos dos nosos nenos e nenas así como a identificación de posibles necesidades específicas de apoio educativo.

De igual xeito, ao comezo de cada unidade didáctica se levará a cabo unha avaliación inicial sobre os contidos que se pretende traballar na mesma co fin de estipular cal é o punto de partida do noso alumnado respecto dos mesmos así como aqueles puntos nos que haberá que incidir en maior medida.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	40	20	20	30	30	<b>24</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	60	80	80	70	70	<b>76</b>

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Deste xeito, para área que nos ocupa, organizáronse os criterios de avaliación recollidos do decreto de currículo en tres bloque con diferentes pesos que, ao sumarse, dan o 100% da nota do trimestre:

- 40% criterios relacionados con aspectos actitudinais (CA.2.3, CA.4.4 etc).
- 40% criterios relacionados cos contidos que se traballarán na aula diariamente.
- 20% criterios avaliados mediante probas escritas.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula: media aritmética das nota dos criterios de avaliación relacionados con contidos actitudinais X 0,4) + (media artimética das calificacións dos criterios de avaliación relacionados co traballo diario X 0,4) + (media artimética dos criterios avaliados mediante unha proba escrita X 0,2)

Así, para o cálculo da nota final da materia realizarse unha media aritmética entre as notas das tres avaliacións.

Para o cálculo da nota de cada unidade usaranse as porcentaxes antes mencionadas. Para obter estes resultados servíronos fundamentalmente de tres instrumentos de avaliación: proba escrita, rúbrica e escala de valoración sempre, ás veces, nunca.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.

## 6. Medidas de atención á diversidade

No referente ás medidas de atención a diversidade que se deben ter en conta á de levar a cabo esta programación, debemos partir do establecido tanto no decreto 229/2011 como na posterior orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade na nosa comunidade. Estas medidas serán fundamentalmente ordinarias, como se describirá con detalle a continuación. No referente ás medidas extraordinarias deberán aplicarse unicamente cando se esgoten todas as ordinarias e a súa aplicación ou non irá suxeita ao desenvolvemento dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo durante o curso.

Así, partindo das medidas relatadas na lexislación antes mencionada, para o desenvolvemento desta programación prevese a aplicación das seguintes medidas ordinarias:

- Adecuación da programación didáctica as necesidades do alumnado.
- Adecuación da organización da estrutura da aula e do centro ás necesidades e características do alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria (mestra de sexto).
- De ser necesarias, aulas de convivencia e intención educativa.
- Programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

No referente ás medidas extraordinarias, polo momento, unicamente se contempla o reforzo educativo por parte das especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X			X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.			X		X	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos mellor o medio social e cultural que nos rodea e algunhas institucións de relevancia no mesmo.			
Charlas formativas	ara as que contaremos coa colaboración das familias, que terán un papel protagonista no desenvolvemento das diferentes unidades e de outros expertos como veterinarios, médicos e outros profesionais de diferentes ámbitos.			
Conmemoracións	Realizando actividades específicas para aquelas recollidas na orde de calendario escolar. Para a materia que nos ocupa algúns exemplos poden ser: Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Océanos etc.			
Saídas culturais	Visitas a museos, exposicións ou diferentes postos de traballo. Un exemplo das mesmas sería a visita ao servizos especiais do concello para ver como traballan os bombeiros ante unha emerxencia.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A tarefa axústase ao tempo programado.
As actividades permiten desenvolver o produto social relevante.
A tarefa potencia unha aprendizaxe competencial.
A tarefa desenvolve axeitadamente os elementos transversais mencionados
Traballo todos os elementos curriculares.
Metodoloxía empregada
Utilizo actividades e exercicios variados.
As actividades axústanse aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
Atendo á diversidade da aula.
O alumnado ten oportunidade de avaliar a unidade.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A tarefa adáptase ao contexto da aula.
Emprego materiais diversos e motivadores.
Medidas de atención á diversidade
A tarefa atende ao desenvolvemento das distintas intelixencias do alumnado.
A metodoloxía empregada promove a inclusión e o traballo cooperativo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A tarefa fomenta a participación de toda a comunidade educativa

### Descrición:

Os indicadores de logro descritos anteriormente avaliaranse mediante unha escala de valoración e irán acompañados sempre de propostas concretas de mellora.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través de diferentes ferramentas: PROENS, diario de aula etc.

Igualmente, a avaliación de cada unidade didáctica constará de tres partes:

1. Avaliación do alumnado: comprobando en que medida obtiveron os coñecementos traballados e cumprimos os obxectivos propostos. A información recollida desta avaliación é moi valiosa xa que nos vai permitir reflexionar sobre ata que punto a programación e secuenciación das diferentes actividades foi ou non un éxito e tomar medidas para mellorar o funcionamento tanto da aula como desta proposta.
2. Avaliación da práctica docente: cos indicadores de logro recollidos no apartado anterior.
3. Avaliación por parte do alumnado: ao finalizar cada unidade didáctica integrada proporáselle ao alumnado realizar unha avaliación figuro-analóxica na que, mediante o establecemento de analoxías con diferentes imaxes propostas pola mestra, deban escoller cal identifica mellor como se sentiron durante a realización da tarefa e porqué. Así permitiremos que o alumnado deixe de ser sempre suxeito avaliado para pasar a ser, tamén, suxeito avaliador. Deste xeito poderemos afondar no noso coñecemento do grupo e obter unha información moi valiosa sobre como se sinten e os seus centros de interés.

Igualmente realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	41
4.2. Materiais e recursos didácticos	42
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	43
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	45
6. Medidas de atención á diversidade	47
7.1. Concreción dos elementos transversais	48
7.2. Actividades complementarias	50
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	51
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	51
9. Outros apartados	52



## 1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 1º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

\* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos).\_\_\_\_\_

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grossa.

- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

\* CONTEXTUALIZACIÓN. \_\_\_\_\_

- Centro: CEIP Plurilingüe Virxe do MAR
- Unidades: 12 ( 3 en EI e 9 en EP)
- Curso: 1º
- Nº alumnos/as:23 (10 nenas e 13 nenos)
- Contorna: urbano
- Instalacións: ximnasio, patio exterior cuberto e patio exterior descuberto.
- Xornada escolar: única (9:00 a 14.00)

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
Deste xeito, esta programación está composta por un total de 3 unidades didácticas integradas que permitirán traballar ao alumnado todos os contidos curriculares dun xeito contextualizado, vivencial e manipulativo.

Ao longo da mesma teremos especialmente en conta o momento de cambio que está a vivir o alumnado do nivel, ao ser este o seu primeiro contacto coa etapa de educación primaria. Nese senso, outro dos obxectivos chave desta será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Todos somos artistas	Comezamos o curso facendo unha pequena aproximación á materia. Ao longo deste primeiro trimestre o alumnado elaborará diferentes producións artísticas, traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	33	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Ilusión-ARTE	<p>Nesta segunda unidade didáctica, que se levará a cabo durante todo o segundo trimestre, continuamos co traballo iniciado na UDI anterior propoñendo ao alumnado a produción e valoración de diferentes obras e introducindo, por fin, o análise e valoración de outras obras e culturas. Deste xeito enfocáronos no traballo do inverno e de outras conmemoracións como o Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller. Así proporemos, igualmente, o traballo sobre diferentes artistas relevantes da nosa historia buscando que o alumnado coñeza as características básicas da súa obra e estilo.</p>	33	10		X	
3	Chegamos ao final	<p>A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as dúas estacións restantes: a primavera e o verán. As Letras Galegas serán de especial relevancia.</p>	34	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Todos somos artistas	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producción de obras axustadas ás técnicas traballadas durante a unidade didáctica, axustándose ás premisas especificadas pola mestra.	PE	40
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar na elaboración dunha produción audiovisual relacionada con Halloween baixo as premisas traballadas na aula con anterioridade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas.	TI	60
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar sentimentos e emocións en relación ás propias producións así como as traballadas durante a situación de aprendizaxe.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Traballar en cooperativo, respectando os roles de cada un.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar o resultado final obtido tras a realización dunha produción plástica.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Cumprir coas normas básicas de comportamento da aula e mostrar respecto e empatía polas producións dos seus compañeiros/as.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Ilusión-ARTE	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información empregando os medios postos a súa disposición para procurar información sobre diferentes manifestacións artísticas.	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciarse na comprensión do significado das distintas manifestacións culturais e artísticas presentadas durante as sesións de traballo.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir, de xeito guiado e empregando os recursos necesarios, as obras propostas pola mestra, amosando curiosidade e interese polo seu traballo.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar sentimentos e emocións en relación ás propias producións así como as traballadas durante a situación de aprendizaxe.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Traballar en cooperativo, respectando os roles de cada un dos membros do equipo.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Cumprir coas normas básicas de comportamento da aula e mostrar respecto e empatía polas producións dos seus compañeiros/as.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Amosa curiosidade ante as propostas artísticas e culturais traballadas durante a unidade.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe, de xeito oral, algúns elementos das manifestacións traballadas durante a unidade, empregando o vocabulario específico traballado.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciase no recoñecemento e identificación do significado de distintas manifestacións culturais e audiovisuais, recoñecemento as diferenzas e similitudes así como as técnicas e medios empregados na súa creación.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosa interese e respecto polas propostas audiovisuais expostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Chegamos ao final	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñecer e recoñecer propostas artísticas plásticas propias doutros xéneros, culturas e épocas traballadas na clase.	PE	35
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir, de xeito guiado e empregando os recursos necesarios, as obras propostas pola mestra, amosando curiosidade e interese polo seu traballo.		
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe de forma oral elementos presentes nas diferentes manifestacións plásticas presentadas.	TI	65
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar sentimentos e emocións en relación ás propias producións así como as traballadas durante a situación de aprendizaxe.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa activamente no proceso de creación de producións plásticas seguindo ás premisas da mestra.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Traballa de xeito cooperativo cando é requerido.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte cos seus compañeiros as súas elaboracións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Cumprir coas normas básicas de comportamento da aula e mostrar respecto e empatía polas producións dos seus compañeiros/as.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Iniciarse na procura de información sobre as manifestacións culturais traballadas a partir das páxinas seleccionadas pola a mestra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Así, os métodos empregados partirán sempre do concepto de docente como facilitador e promotor das aprendizaxes e serán, fundamentalmente, unha metodoloxía activa, comunicativa, participativa e inclusiva.

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente programación remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria. Así, algunhas liñas fundamentais na metodoloxía desta programación serán:

- Unidades didácticas integradas e contextualizadas, que permitan ao alumnado avanzar no desenvolvemento de máis dun obxectivo ao mesmo tempo.
- Traballo cooperativo.
- Ambiente de traballo cómodo, que evite a inhibición por parte do alumnado.
- Considerar os erros como unha oportunidade para aprender e mellorar.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo para chegar así ao produto final desexado.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais.
Recursos espaciais.

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes. No caso concreto desta aula gustaríame destacar as intervencións da mestra especialista en pedagogía terapéutica, tanto dentro com fóra da aula, así como

da mestra titora de sexto curso que realiza apoios dentro da nosa aula.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo e calquera outro espazo que poda xurdir.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso escolar e, cumprindo así co establecido na lexislación en materia de avaliación da nosa comunidade, levarase a cabo unha avaliación inicial xeral mediante diferentes procesos:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno/a.
- Entrevistas iniciais coas familias se fose necesario.
- Avaliación das competencias e contidos a través de diversas actividades individuais e grupais.

A información obtida mediante todos estes medios será sometida a un proceso de reflexión para tratar de establecer o nivel de coñecementos previos dos nosos nenos e nenas así como a identificación de posibles necesidades específicas de apoio educativo.

De igual xeito, ao comezo de cada unidade didáctica se levará a cabo unha avaliación inicial sobre os contidos que se pretende traballar na mesma co fin de estipular cal é o punto de partida do noso alumnado respecto dos mesmos así como aqueles puntos nos que haberá que incidir en maior medida.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	0	35	<b>25</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	100	65	<b>75</b>

#### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

A totalidade desta programación evaluarase mediante táboas de indicadores, que serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación

anteriormente citados.

Deste xeito, os criterios de avaliación da primeira unidade conformarán a nota do primeiro trimestre, os da segunda unidade didáctica integrada a calificación do segundo trimestre e, finalmente, os criterios de avaliación avaliados na terceira unidade didáctica integrada corresponderanse coa nota do terceiro trimestre.

No que respecta á nota final do curso obterase de realizar unha media aritmética entre as notas dos tres trimestres.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia a través do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin: a recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade relacionados coas UD do Trimestre.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos ou cuestións técnicas artísticas plásticas e audiovisuais) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

No referente ás medidas de atención a diversidade que se deben ter en conta á de levar a cabo esta programación, debemos partir do establecido tanto no decreto 229/2011 como na posterior orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade na nosa comunidade. Estas medidas serán fundamentalmente ordinarias, como se describirá con detalle a continuación. No referente ás medidas extraordinarias deberán aplicarse unicamente cando se esgoten todas as ordinarias e a súa aplicación ou non irá suxeita ao desenvolvemento dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo durante o curso.

Así, partindo das medidas relatadas na lexislación antes mencionada, para o desenvolvemento desta programación prevese a aplicación das seguintes medidas ordinarias:

- Adecuación da programación didáctica as necesidades do alumnado.
- Adecuación da organización da estrutura da aula e do centro ás necesidades e características do alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria (mestra de sexto).
- De ser necesarias, aulas de convivencia e intención educativa.
- Programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

No referente ás medidas extraordinarias, polo momento, unicamente se contempla o reforzo educativo por parte da especialista de pedagogía terapéutica.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X
ET.6 - Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

### Observacións:

Desde esta programación tratase de contribuír ao desenvolvemento do total de elementos transversais en cada unha das UDIS.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Realizando actividades específicas para aquelas recollidas na orde de calendario escolar.	X	X	X
Actividades específicas con outros grupos do centro	Como a representación de pequenas pezas teatrais, a lectura de contos de diversas temáticas etc.	X		X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A tarefa adáptase ao contexto da aula.
A tarefa axústase ao tempo programado.
As actividades permiten desenvolver o produto social relevante.
Traballo todos os elementos curriculares.
Metodoloxía empregada
A tarefa potencia unha aprendizaxe competencial.
A tarefa atende ao desenvolvemento das distintas intelixencias do alumnado.
A tarefa desenvolve axeitadamente os elementos transversais mencionados
A metodoloxía empregada promove a inclusión e o traballo cooperativo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego materiais diversos e motivadores.
Medidas de atención á diversidade
Utilizo actividades e exercicios variados.
As actividades axústanse aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
Atendo á diversidade da aula.
Clima de traballo na aula
O alumnado ten oportunidade de avaliar a unidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A tarefa fomenta a participación de toda a comunidade educativa



### **Descrición:**

Os indicadores de logro descritos anteriormente avaliaranse mediante unha escala de valoración e irán acompañados sempre de propostas concretas de mellora.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través de diferentes ferramentas: PROENS, diario de aula etc. Igualmente, a avaliación de cada unidade didáctica constará de tres partes:

1. Avaliación do alumnado: comprobando en que medida obtiveron os coñecementos traballados e cumprimos os obxectivos propostos. A información recollida desta avaliación é moi valiosa xa que nos vai permitir reflexionar sobre ata que punto a programación e secuenciación das diferentes actividades foi ou non un éxito e tomar medidas para mellorar o funcionamento tanto da aula como desta proposta.

2. Avaliación da práctica docente: cos indicadores de logro recollidos no apartado anterior.

3. Avaliación por parte do alumnado: ao finalizar cada unidade didáctica integrada proporáselle ao alumnado realizar unha avaliación figuro-analóxica na que, mediante o establecemento de analogías con diferentes imaxes propostas pola mestra, deban escoller cal identifica mellor como se sentiron durante a realización da tarefa e porqué. Así permitiremos que o alumnado deixe de ser sempre suxeito avaliado para pasar a ser, tamén, suxeito avaliador.

Deste xeito poderemos afondar no noso coñecemento do grupo e obter unha información moi valiosa sobre como se sinten e os seus centros de interés.

Igualmente realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	1º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

Esta programación didáctica esta deseñada para un grupo de 23 alumnos e alumnas de primeiro curso de educación primaria, dentro da área de Lingua castelá e literatura.

O centro para o que se deseña a proposta, o CEIP plurilingüe Virxe do Mar de Narón, é un centro público de educación infantil e primaria no neste curso hai matriculados arredor de 200 alumnos e alumnas.

É un centro de liña un, pero que conta con tres cursos de primaria nos que hai dous grupos en cadanseu nivel. É un centro composto por tres pisos nos que, ademais das aulas de infantil e primaria, contamos con ximnasio, aula de informática, dous patios de recreo comunicados, aula de música, aulas de PT e AL, despacho de orientación, biblioteca e salón de actos.

A nivel de aula, o alumnado para o cal se elabora esta programación, está no primeiro nivel de primeiro de primaria polo que conta cunha idade de entre 5 e 6 anos. É un grupo composto por 10 nenas e 13 nenos no que, ademais da diversidade propia de calquera grupo humano, atopamos algunhas necesidades específicas de apoio educativo para as que se recollen medidas de atención específicas detalladas no apartado 6 desde documento.

O horario das actividades é continuo distribuíndose, de 9:00h a 14:00h para os alumnos/as de E.P. e E.I (Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única).

Tamén se oferta servizo de comedor, regulado polo Decreto 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería.

Os recursos materiais son axeitados, aínda que mellorables. Así, dispoñemos de medios informáticos e conexión a Internet en todas as aulas

No tocante aos recursos persoais dos que dispoñemos, hai que destacar ao profesorado do corpo de Infantil e Primaria: titores/as e especialistas das distintas áreas, Como persoal non docente contamos cunha auxiliar técnica educativa (coidadora), conserxe, persoal de cociña e persoal de limpeza. Ademais, existe unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).

Trátase dun centro situado nun concello de costa o que fai que na propia contorna próxima do alumnado contemos con multitude de ecosistemas, recursos culturais e zonas paisaxísticas de enorme interese no desenvolvemento desta materia.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "A lingua e os seus falantes"; o bloque número 2, "Comunicación oral"; o bloque número 3, "Comunicación escrita"; o bloque número 4, "Alfabetización mediática e informacional"; o bloque 5 "Educación literaria" e o bloque 6 "Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais".

Seguindo cos datos da contorna, a oferta cultural do Concello é bastante ampla, contando coa Casa da Cultura, biblioteca municipal, locais sociais, pavillóns e piscina municipal etc.

Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vuelta al cole.	<p>Nesta primeira unidade didáctica integrada traballaremos contidos relacionados co recoñecemento das linguas da súa contorna así como da expresión oral voluntaria.</p> <p>Nestas unidade realiaranse igualmente as avaliacións iniciais que nos permitirán coñecer o punto de partida do noso alumnado en aspectos tan esenciais como a lectoescritura.</p> <p>Nesta primeira unidade o referente á educación literaria, centraremos nos contos.</p>	15	24	X		
2	Iniciamos nuestro viaje en la lectoescritura: primeras paradas.	<p>Nesta segunda unidade didáctica afondaremos no coñecemento da biblioteca do centro, así como na consolidación da lectoescritura e a lectura comprensiva de textos sinxelos.</p> <p>Para iso comezamos o proxecto do noso pasaporte lector, onde traballaremos cos nenos e nenas cada unha das letras do alfabeto relacionándoas cun país, aproveitando para afondar na cultura do mesmo.</p> <p>No referente a educación literaria traballaremos, entre outros, textos como as adiviñas e os trabalinguas.</p>	20	24	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Primero por el mundo.	Continuamos o traballo da expresión e comprensións orais e o recoñecemento do valor e funcionamento da biblioteca de centro. Continuamos igualmente co traballo en lectoescritura dándolle continuidade ao proxecto do pasaporte lector. Nesta terceira unidade centrámonos nas letras r, d, c, z e q. Igualmente, no que se refire á educación literaria traballaremos os refráns e os textos informativos.	15	27		X	
4	Continuamos nuestro viaje: somos guías turísticos.	Co desenvolvemento desta unidade didáctica entramos de cheo na busca de información e redacción guiada de textos moi sinxelos, continuando co proxecto do pasaporte lector. Así, no ámbito da lectoescritura traballamos coas letras b, v, g, j, h, x e y. Por outra banda, no referente a educación literaria coñeceremos a poesía.	20	27		X	
5	¡Somos escritores!	Neste terceiro trimestre afondaremos con máis detemento en todo o relacionado a expresión escrita (escritura) e na educación literaria, traballando a escritura de pequenos textos e frases do seu interese xunto con outros aspectos da expresión oral (descricións de lugares aproveitando o pasaporte lector) e outros aspectos da educación literaria como ás fábulas, os textos informativos e os refráns. Xa nesta unidade entramos, en materia de lectoescritura, nos sinfones e trabadas como pl, pr, bl, br, cl, cr, tl e tr.	20	20			X
6	Representando nuestro camino.	No ámbito da educación literaria seguimos traballando a enorme importancia da biblioteca de centro como eixo da formación e afondando no coñecemento de diferentes tipos de textos como o teatro mediante a represación de pequenas obras. Xa para rematar o curso, en lectoescritura, traballamos o afianzamento dos sinfones restantes: fl, fr, gl e gr	10	18			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vuelta al cole.	24

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a maiores do cole: persoal sanitario, veciños, familiares etc.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria nas súas interaccións do día a día.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno texto con axuda visual de imaxes.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elabora con axuda algun texto sinxelo relacionado cos contidos traballados.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coas perspectivas de xénero.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Disfruta e valora os diferentes tipos de contos.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</li> <li>- A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.</li> </ul>



## Contidos

- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Iniciamos nuestro viaje en la lectoescritura: primeras paradas.	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprende o sentido global e as ideas principais dun texto sinxelo lido na clase.	PE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	90
CA1.4 - Rexeitir os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria nas súas interaccións do día a día.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende con apoios as ideas principais dun texto proposto.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno texto con axuda de imaxes.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elabora, de xeito voluntario e sen recibir moita axuda, pequenos textos coherentes relacionados coas súas experiencias ou intereses.		
1	Benvida matemática.	como maior, menor, igual, anterior e posterior etc. Todo isto sen perder de vista a resolución de problemas contextualizados ou outros aspectos como a realización de series numéricas.	25	50	X		
2	Xeometrízate!	Ao longa desta unidade didáctica traballaremos todos os criterios de avaliación e contidos relacionados coa xeometría: nomes de formas xeométricas, resolución de problemas... todo desde unha perspectiva manipulativa e vivencial, na que o alumnado sexa o verdadeiro protagonista da súa aprendizaxe.	10	10	X		
3	Matematizados.	Continuamos traballando aspectos fundamentais para o desenvolvemento axeitado das competencias do alumnado, especialmente centrados na descomposición numérica e na realización de operacións aritméticas básicas (suma e resta).	15	30		X	
4	Resolvemos problemas	Esta unidade centrase na resolución de diferentes tipos de problemas relacionados cos contidos traballados ata o momento. Buscando darlle unha perspectiva lúdica e vivencia para o noso alumnado, enmárcase dentro dun proxecto de robótica no que o alumnado comeza xogando cos dispositivos e coñecendo o seu funcionamento para rematar sendo eles mesmos quen diseñen as plantillas que pasarán a formar parte da biblioteca do centro.	15	30		X	
5	Robomates	Continuando co traballo relativo ao pensamento computacional, empregamos diversos robots e taboleiros para traballar e repasar todos os contidos do curso.	20	25			X
6	Canto mide?	Nesta unidade didáctica o alumnado levará a cabo un proxecto relacionado cos contidos de medidas de magnitude: unidades, procedementos etc.	15	30			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Benvida matemática.	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.	PE	25
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa respectuosamente no traballo en equipos cooperativos, coñecendo o seu rol dentro do equipo, cumprindo coa súas funcións e establecendo relacións de igualdade cos seus compañeiros.	TI	75
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Emprega diferentes estratexias e recursos para comprender as preguntas formuladas.		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99.</li> <li>- Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá.</li> <li>- Patróns</li> <li>- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.</li> <li>- Relacións e funcións</li> <li>- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.</li> <li>- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción</li> <li>- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Xeometrízate!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecemento, no contexto da vida diaria, de figuras xeométricas básicas e identificación das mesmas (cadrado, rectángulo, círculo e triángulo)	PE	30
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Identificación do lado e do vértice das diferentes figuras así como das líneas abertas e pechadas.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.	TI	70
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiro		
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer e indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as formas xeométricas traballadas presentes noutras áreas como a arte ou a publicidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións</li> <li>- Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.</li> <li>- Descrición de obxectos cotiás cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).</li> <li>- Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.</li> <li>- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica</li> <li>- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.</li> <li>- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.</li> <li>- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Matematizados.	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..	PE	35
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas e operacións na vida cotiá.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.	TI	65
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cantidade</li> <li>- Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> <li>- Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso.</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99.</li> <li>- Sentido das operacións.</li> <li>- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.</li> <li>- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.</li> <li>- Incerteza</li> <li>- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Resolvemos problemas	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.	PE	25
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar, entre varias, a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiáns que se resollen matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..	TI	75
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Representar de forma sinxela as ideas contidas en problemas matemáticos cotiáns		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.</li> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.</li> <li>- Estimación e relacións</li> <li>- Modelo matemático</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.</li> <li>- Pensamento computacional</li> <li>- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.</li> <li>- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Robomates	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..	PE	30
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.	TI	70
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sentido das operacións.</li> <li>- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Educación financeira</li> <li>- Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE.</li> <li>- Localización e sistemas de representación</li> <li>- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.</li> <li>- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.</li> <li>- Pensamento computacional</li> <li>- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.</li> <li>- Incerteza</li> <li>- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.</li> <li>- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.</li> <li>- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Canto mide?	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.	PE	20
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable	TI	80
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar entre varias a solución adecuada a un problema.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos en relación ao desenvolvemento do pensamento computacional.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Cantidade
- Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo.
- Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial.
- Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais.
- Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo.
- Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma).
- Medición
- Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá.
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades.
- Estimación e relacións
- Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Relacións e funcións
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Así, os métodos empregados partirán sempre do concepto de docente como facilitador e promotor das aprendizaxes e serán, fundamentalmente, unha metodoloxía activa, comunicativa, participativa e inclusiva.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito trataremos de conseguir no noso alumnado unha aprendizaxe significativa: aprender para algo é aprender mellor.
- Actividades que partan da observación e experimentación, desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Con isto abordamos, por completo, a aprendizaxe manipulativa e vivencial, facendo ao alumnado protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos,, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo para chegar así ao produto final desexado.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais.
Recursos espaciais.

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes. No caso concreto desta aula gustaríame destacar as intervencións da mestra especialista en pedagogía terapéutica, tanto dentro com fóra da aula, así como da mestra titora de sexto curso que realiza apoios dentro da nosa aula.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo e calquera outro espazo que poda xurdir.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso escolar e, cumprindo así co establecido na lexislación en materia de avaliación da nosa comunidade, levarase a cabo unha avaliación inicial xeral mediante diferentes procesos:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno/a.
- Entrevistas iniciais coas familias se fose necesario.
- Avaliación das competencias e contidos a través de diversas actividades individuais e grupais.

A información obtida mediante todos estes medios será sometida a un proceso de reflexión para tratar de establecer o nivel de coñecementos previos dos nosos nenos e nenas así como a identificación de posibles necesidades específicas de apoio educativo.

De igual xeito, ao comezo de cada unidade didáctica se levará a cabo unha avaliación inicial sobre os contidos que se pretende traballar na mesma co fin de estipular cal é o punto de partida do noso alumnado respecto dos mesmos así como aqueles puntos nos que haberá que incidir en maior medida.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	25	30	35	25	30	20	<b>27</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	75	70	65	75	70	80	<b>73</b>

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Deste xeito, para área que nos ocupa, organizáronse os criterios de avaliación recollidos do decreto de currículo en tres bloque con diferentes pesos que, ao sumarse, dan o 100% da nota do trimestre:

- 30% criterios relacionados con aspectos actitudinais.
- 50% criterios relacionados cos contidos que se traballarán na aula diariamente.
- 20% criterios avaliados mediante probas escritas.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula: media aritmética das nota dos criterios de avaliación relacionados con contidos actitudinais X 0,3) + (media aritmética das calificacións dos criterios de avaliación relacionados co traballo diario X 0,5) + (media aritmética dos criterios avaliados mediante unha proba escrita X 0,2)

Así, para o cálculo da nota final da materia realizarse unha media aritmética entre as notas das tres avaliacións

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 50% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 50%.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

No referente ás medidas de atención a diversidade que se deben ter en conta á de levar a cabo esta programación, debemos partir do establecido tanto no decreto 229/2011 como na posterior orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade na nosa comunidade. Estas medidas serán fundamentalmente ordinarias, como se describirá con detalle a continuación. No referente ás medidas extraordinarias deberán aplicarse unicamente cando se esgoten todas as ordinarias e a súa aplicación ou non irá suxeita ao desenvolvemento dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo durante o curso.

Así, partindo das medidas relatadas na lexislación antes mencionada, para o desenvolvemento desta programación prevese a aplicación das seguintes medidas ordinarias:

- Adecuación da programación didáctica as necesidades do alumnado.
- Adecuación da organización da estrutura da aula e do centro ás necesidades e características do alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria (mestra de sexto).
- De ser necesarias, aulas de convivencia e intención educativa.
- Programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

No referente ás medidas extraordinarias, polo momento, unicamente se contempla o reforzo educativo por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica e pola de Audición e Linguaxe



### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Un dos obxectivos desta programación de matemáticas é contrubir, co conxunto das súas unidades didácticas, ao desenvolvemento de todos os elementos transversais.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos mellor o medio social e cultural que nos rodea e algunhas institucións de relevancia no mesmo.			
Charlas formativas	Para as que contaremos coa colaboración das familias, que terán un papel protagonista no desenvolvemento das diferentes unidades e de outros expertos como veterinarios, médicos e outros profesionais de diferentes ámbitos.			
Conmemoracións	Realizando actividades específicas para aquelas recollidas na orde de calendario escolar.			
Saídas culturais	Visitas a museos, exposicións ou diferentes postos de traballo. Un exemplo das mesmas sería a visita ao servizo especiais do concello para ver como traballan os bombeiros ante unha emerxencia.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
A tarefa adáptase ao contexto da aula.
A tarefa axústase ao tempo programado.
As actividades permiten desenvolver o produto social relevante.
A tarefa potencia unha aprendizaxe competencial.
A tarefa atende ao desenvolvemento das distintas intelixencias do alumnado.
A tarefa desenvolve axeitadamente os elementos transversais mencionados
A metodoloxía empregada promove a inclusión e o traballo cooperativo.
Traballo todos os elementos curriculares.
Utilizo actividades e exercicios variados.
Emprego materiais diversos e motivadores.
As actividades axústanse aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
Atendo á diversidade da aula.
O alumnado ten oportunidade de avaliar a unidade.
A tarefa fomenta a participación de toda a comunidade educativa

### **Descrición:**

Os indicadores de logro descritos anteriormente avaliaranse mediante unha escala de valoración e irán acompañados sempre de propostas concretas de mellora.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través de diferentes ferramentas: PROENS, diario de aula etc.

Igualmente, a avaliación de cada unidade didáctica constará de tres partes:

1. Avaliación do alumnado: comprobando en que medida obtiveron os coñecementos traballados e cumprimos os obxectivos propostos. A información recollida desta avaliación é moi valiosa xa que nos vai permitir reflexionar sobre ata que punto a programación e secuenciación das diferentes actividades foi ou non un éxito e tomar medidas para mellorar o funcionamento tanto da aula como desta proposta.
2. Avaliación da práctica docente: cos indicadores de logro recollidos no apartado anterior.
3. Avaliación por parte do alumnado: ao finalizar cada unidade didáctica integrada proporáselle ao alumnado realizar unha avaliación figuro-analóxica na que, mediante o establecemento de analoxías con diferentes imaxes propostas pola mestra, deban escoller cal identifica mellor como se sentiron durante a realización da tarefa e porqué. Así permitiremos que o alumnado deixe de ser sempre suxeito avaliado para pasar a ser, tamén, suxeito avaliador. Deste xeito poderemos afondar no noso coñecemento do grupo e obter unha información moi valiosa sobre como se sinten e os seus centros de interés.

Igualmente realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade do CEIP Virxe do Mar os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizábase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise.
- creación e interpretación.

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social. O CEIP Virxe do Mar é un centro situado na zona urbana de Narón. O centro consta de doce unidades, tres de Educación Infantil e nove de Educación Primaria.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

<ul style="list-style-type: none"> <li>- interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	O verán e despedida.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir elementos de manifestacións culturais seleccionadas.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, identificando diferenzas e similitudes.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais mostrando unha actitude positiva.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas ao seu alcance.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa.		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións artísticas.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, mostrando unha actitude positiva.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas escénicas de diferentes xéneros.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir elementos de manifestacións culturais, comezando por aqueles máis próximos, iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas, mostrando unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos a través de manifestacións artísticas escénicas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas mostrando unha actitude positiva.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da



educación primaria.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Os principios metodolóxicos nos que se sustenta a nosa ensinanza serán os seguintes:

- Aprendizaxe significativa: pártese dos coñecementos previos que posúe o alumnado para adquirir outros novos. Segundo a psicoloxía construtivista, a nova información conéctase cun concepto relevante presente na estrutura cognitiva, de xeito que as novas ideas e conceptos poden ser aprendidos significativamente polo alumno ou alumna. Neste sentido, teranse en conta os coñecementos previos do alumnado e proporcionaranse actividades que esperten o seu interese.

- Enfoque globalizador: darase un enfoque globalizador da área, procurando interrelacionar os contidos duns bloques con outros. Tamén se proporán actividades que relacionen a música con outras áreas curriculares. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar na adquisición eficaz de máis dunha competencia ao mesmo tempo. É fundamental a coordinación co equipo docente.

- Ensinanza motivadora: a motivación farase partindo das súas experiencias e de situacións concretas que esperten o interese do alumnado e manteñan a súa atención. O aspecto lúdico será central á hora de realizar as distintas actividades, dando unha grande importancia á práctica e fomentando o interese por aprender.

- Ensinanza individualizadora-socializadora: teranse en conta as características cognitivas, psicomotrices e afectivo-sociais de cada alumno e alumna, favorecendo o desenvolvemento persoal sen esquecer que somos seres que vivimos en sociedade. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Aprendizaxe autónoma: darase importancia á adquisición de ferramentas de traballo que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma, posibilitando que o alumnado aprenda a aprender.

#### PEDAGOXÍAS MUSICAIS.

Tendo en conta os principios antes expostos, a metodoloxía que se formula na nosa área será eminentemente activa, baseada no principio de aprendizaxe significativa: comezar co que o alumnado xa sabe a través da práctica musical para facilitar a adquisición dos novos contidos: facer Música para comprender a Música. Isto quere dicir que primeiro está o aprender procedementos: o canto, a interpretación instrumental, a danza, a audición, para logo acceder á conceptualización. Así mesmo a aprendizaxe de actitudes xoga un papel decisivo para poder aprender novos conceptos e afondar nos procedementos.

Ao longo do s.XX foron varios os pedagogos que desenvolveron métodos específicos para a aprendizaxe musical. Na nosa práctica docente, empregaremos aqueles aspectos máis interesantes de cada un destes autores. O método Kodaly será de interese para traballar a comprensión da linguaxe musical a través da rítmica silábica. Do método Dalcroze tomaremos a interiorización do pulso e fórmulas rítmicas a través dos movementos corporais. O método Orff-Wuytack será a base da interpretación instrumental grupal. Partirase do folklore tradicional para traballar o canto e a danza. O método Willems fornece unha base para traballar a música desde un punto de vista sensorial. Potenciarase o desenvolvemento auditivo e rítmico a través da improvisación. O método Martenot será o fundamento sobre o que traballemos a relaxación corporal.

A nosa práctica docente non está pensada para formar profesionais, senón que se pretende, a través destes modelos e estratexias, alcanzar unha mellor comprensión do feito musical, ampliando a capacidade receptiva e creativa do alumnado, seguindo o principio educativo holístico básico de Carl Orff, mediante o cal todo o alumnado ten que facer todo.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde:

- respiración consciente e exercicios de vocalización.
- representación corporal da música escoitada.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Altofalantes
Piano electrónico

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula ten o suficiente para elaborar diferentes danzas. Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel.

Hai altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 2 ou 3 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo dunha nova secuencia de aprendizaxe para rexistrar e diagnosticar os coñecementos previos, as capacidades e dificultades dos alumnos e alumnas, así como valorar as diferenzas que podan darse dentro do grupo. Esta avaliación realizarase mediante xogos musicais que mostren o dominio, as capacidades e coñecementos sobre aspectos concretos da materia de música.

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cançons que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>14</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	0	20	0	16	0	0	<b>4</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	80	100	84	100	100	<b>96</b>

### Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 30% + UD 2 30% + UD 3 40%
- 2º trim.: UD4 30% + UD 5 30% + UD 6 40%
- 3º trim.: UD7 60% + UD8 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou

cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizáranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Dentro das actividades: trataremos de seleccionar as máis idóneas en consideración ás diferenzas individuais e grupais que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos alumnos, o contacto que tiveron cas actividades musicais e dramáticas e as destrezas adquiridas. Reforzos educativos: aplicarase a pedagogía do éxito, valorando os pequenos logros de cada un e considerando o proceso de aprendizaxe. Metodoloxía: que posibilite a interacción permanente do profesor co alumnado para facilitar a axuda pedagóxica precisa. Motivación do alumnado: é fundamental en calquera proceso de aprendizaxe, pero na música toma unha maior relevancia si cabe.

É necesario poñer en marcha unha serie de estratexias ou medidas xerais que nos permitirán atender os diferentes ritmos de aprendizaxe de todo o noso alumnado. Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballárase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora: favorecerase a través da lectura dos contidos específicos da materia e naquelas actividades concretas que teñan un soporte textual: cancións, poemas musicados, audición e lectura de contos musicais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita: a través da interpretación vocal de cancións, textos dramatizados, lectura e gravación de contos sonoros e na realización de composicións textuais e creación de letras a partir dunha melodía dada.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual: fomentarse a gravación sonora e audiovisual das producións e creacións propias mediante a utilización de soportes dixitais para a gravación e edición de audio e vídeo. Reprodución de audio e vídeo en distintos soportes.			X	X		X		
ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación: utilización de distintos medios para a aprendizaxe dos contidos específicos da materia, así como para a procura de información e reprodución e visualización de contidos.			X		X		X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Emprendemento: a música facilita o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, a través da interpretación grupal e individual de pezas musicais e danzas, e a través da escoita activa das producións propias e das alleas. Estas actividades implican aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.		X	X	X	X	X	X	
ET.6 - Educación cívica e constitucional: potenciarase a través de distintas actividades nas que se poña en valor a importancia da música como elemento fundamental da nosa identidade cultural e da transmisión dos principios sociais de xustiza, igualdade, fraternidade, democracia. Igualmente, partírase do traballo en grupo para fomentar os valores democráticos, a tolerancia, o respecto.	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Un dos principios en que se inspira o sistema educativo é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Estes e outros aspectos han de abordarse de xeito transversal a todas as disciplinas, tendo a Educación Musical un papel destacado na transmisión dos seguintes elementos que se detallan.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Taller de lutería	o alumnado poderá iniciarse na construción de instrumental con materiais ó seu alcance.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas e proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporización das unidades didácticas/temas/proxectos.
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
Asignación a cada estándar do peso correspondente na calificación.
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
<b>Metodoloxía empregada</b>
O desenvolvemento da programación respostou á secuenciación e á temporización previstas.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

### Descrición:

Debido ó carácter interrelacionado do proceso de ensinanza aprendizaxe, o profesor debe revisar a cotío a súa labor docente en relación ós resultados acadados responden ou no ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os niveis afectados implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida que todos os participantes aporten o mellor de si mesmos.

As propostas de mellora da programación se realizarán atendendo ós resultados que mostre a práctica diaria de aula e a avaliación mediante a táboa de indicadores de logro; según eles, se realizarán cambios e modificacións para axustar a práctica docente. De esa forma poderemos adecuarnos mellor ó alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de seguimento resultará do diario de aula, onde se recollerá a práctica docente, anotando todas as actividades que se leven a cabo e a resposta do alumnado ante as mesmas. A avaliación afecta a todos os niveis do proceso educativo, e será máis enriquecedora na medida que tódos os participantes aporten o mellor de si mesmos.

As propostas de mellora faranse atendendo ós resultados que se reflectan nas prácticas diarias de aula e mediante os resultados achegados na táboa de indicadores de logro. Segundo eles, realizaranse os cambios oportunos e as modificacións necesarias para axustar a práctica docente. Deste xeito, poderémonos adecuar mellor ó alumnado.

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

### 1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

### 2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

### Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

### En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

### 3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	13

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está deseñada para un grupo de 23 alumnos e alumnas de primeiro curso de educación primaria, dentro da área de Proxecto Competencial.

O centro para o que se deseña a proposta, o CEIP plurilingüe Virxe do Mar de Narón, é un centro público de educación infantil e primaria no neste curso hai matriculados arredor duns 200 alumnos e alumnas.

É un centro de liña un salvo tre cursos de primaria nos que hai dos grupos. É un centro composto por tres pisos nos que, ademais das aulas de infantil e primaria, contamos con ximnasio, aula de informática, dous patios de recreo comunicados, aula de música, aulas de PT e AL, despacho de orientación, biblioteca e salón de actos.

A nivel de aula, o alumnado para o cal se elabora esta programación, está no primeiro nivel de primeiro de primaria polo que conta cunha idade de entre 5 e 6 anos. É un grupo composto por 10 nenas e 13 nenos no que, ademais da diversidade propia de calquera grupo humano, atopamos algunhas necesidades específicas de apoio educativo que serán relatadas con detalle no apartado 6 desde documento.

O horario das actividades é continuo distribuíndose, de 9:00h a 14:00h para os alumnos/as de E.P. e E.I (Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única).

Tamén se oferta servizo de comedor, regulado polo Decreto 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería.

Os recursos materiais son axeitados, aínda que mellorables. Así, dispoñemos de medios informáticos e conexión a Internet en todas as aulas

No tocante aos recursos persoais dos que dispoñemos, hai que destacar ao profesorado de Infantil e Primaria: titores/as, especialistas das distintas áreas, Departamento de Orientación, compartido (Orde do 8 de setembro de 2021). Como persoal non docente contamos cunha auxiliar técnica educativos (coidadora), conserxe, persoal de cociña e persoal de limpeza. Ademais, existe unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).

Seguindo cos datos da contorna, a oferta cultural do Concello é bastante ampla, contando coa Casa da Cultura, biblioteca municipal, locais sociais, pavillóns e piscina municipal etc.

Todo isto levarase a cabo nas 3 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando unha unidade en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Personaxes relevantes da nosa historia: que podemos aprender?	Nesta primeira unidade didáctica levaremos a cabo un proxecto baseado na procura de información de grandes personaxes importantes da historia como Leonardo DaVinci. O alumnado investigará e decidirá que podemos aprender destas personaxes e como queremos transmitir estes coñecementos ao resto do centro: mediante unha representación, un vídeo, unha canción, un lapbook...	35	10	X		
2	Grandes mulleres da historia.	Aproveitando a conmemoración neste trimestre do día da muller, desenvolverase co alumnado un proxecto centrado nas diferentes mulleres que tiveron un papel importante na nosa historia moderna, coñecer como eran as súas vidas, como ten cambiando todo, as problemáticas ás que se enfrontaron...	45	10		X	
3	Emocionámonos.	Esta última unidade didáctica consistirá no deseño, posta en marcha e elaboración dun proxecto a seleccionar polo alumnado relacionado coas emocións. Investigarán sobre as mesmas, elaborarán diversos materiais e finalmente escollerán o produto social e relevante que consideren oportuno.	20	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Personaxes relevantes da nosa historia: que podemos aprender?	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia dos grandes personaxes da historia.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado cos medios seleccionados polo alumnado.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Grandes mulleres da historia.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia das mulleres máis relevantes da historia.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o produto social relevante.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Emocionámonos.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do recoñecemento e intervención das emocións,	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo da unidade 2 experimentaremos cos órganos do sentidos para que o alumnado poida comprender mellor como nos relacionamos co medio que nos rodea.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais

- Música e Danza (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos



Recursos dixitais.
Recursos espaciais.

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

